



ASISTENTES

C.I.G.

M^a Jesús Losada Rodríguez

M^a José Montero Vilariño

(DPO)**

Antón García Fernández

Federico Fernández Fernández

Cándido Pérez Betanzos

Rodrigo Alberte Pivida

Luis Pérez Gómez (DS)**

CC.OO.

Victoria Alonso Crespo

Carmen Serra Rodríguez

Manuel Velasco Graña

Aser Fernández Rey

U.G.T.

Arturo Casar Sarasola

Juan José Fernández Pérez

José Andrés Zapirain (DS)

AUSENTES

C.I.G.

Carlos Mollinedo Lois

**

DS- Delegado Sindical

DPO-Delegado/a C. E.

Pontevedra

DOUR- Delegado/a C. E. Ourense

Reunidos no 4º andar do Edificio de Ferro do Campus de Ourense ás 11:30 en primeira convocatoria e ás 12 en segunda coa seguinte orde do día:

1. Constitución do Comité Intercentros da Universidade de Vigo
2. Elección do presidente, vicepresidente, secretario e vicesecretario.
3. Aprobación, se procede, do regulamento do CI

Tras os acordos acadados nos Comités de Empresa de Ourense e de Pontevedra da Universidade de Vigo decídese constituír o Comité Intercentros da Universidade de Vigo que constará de 12 membros, que de acordo cos resultados das últimas eleccións sindicais se repartirán do seguinte xeito: CIG 6 representantes, CC OO 4 representantes e UGT 2 representantes. Antes de proceder a constitución formal do órgano deuse conta dos nomes dos delegados e delegadas que representan, con voz e voto, os distintos sindicatos, asemade CIG e UGT nomearon ós seus delegados sindicais. Por estar previamente acordado, á reunión puideron asistir, con voz pero sen voto, o resto de representantes dos Comités de Empresa. A constitución foi presidida polo traballador con máis antigüidade na empresa, Arturo Casar Sarasola, e actúo como secretario Federico Fernández Fernández, por ser, dos presentes, o máis novo.

Como candidatos/as ós cargos unipersonais preséntanse Cándido Pérez Betanzos a presidente, Rodrigo Alberte Pivida a vicepresidente, Manuel Velasco Graña a secretario e Victoria Alonso Crespo a vicesecretaria. Antes de pasar a votación discútese o xeito no que se vai a realizar presentándose dúas propostas: unha soa papeleta, na que se inclúen tódolos cargos, ou, dúas papeletas, unha para a elección do presidente e vicepresidente e outra para elixir o secretario e a vicesecretaria. Despois dunha breve discusión decídese optar pola opción dunha soa papeleta. Como previamente estaba tamén acordado dáse conta, antes de proceder a votación, dos votos delegados existentes que se achegan con esta esta acta.

Unha vez realizada a votación obtéñense os seguintes resultados:

Cándido Pérez Betanzo: 9 votos
RodrigoAlberte Pivida: 10 votos
Manuel Velasco Graña: 12 votos
Victoria Alonso Crespo: 12 votos

A partir deste momento asumen a presidencia e a secretaría os cargos electos.

3. Neste punto preséntase para a súa aprobación o regulamento acordado entre CIG e CC OO, regulamento ó que UGT propón emendar o artigo 6 ó entender que o que aí se recolle non poden ser competencias do Intercentros e o artigo 24.3 ó considerar que non se respecta o principio de que os acordos se tomen por maioría do 60%. Lense estes artigos e discútese o seu contido que defenden, tal e coma está

redactado, os membros de CIG e CC OO. O non ser posible transaccionar decídese pasar á votación que obtivo o seguinte resultado:

A favor do regulamento: 10 votos

En contra do regulamento: 2 votos

Acordos:

- Constituír o Comité Intercentros da Universidade de Vigo.
- Nomear como presidente a Cándido Pérez Betanzos, como vicepresidente a Rodrigo Alberte Pivida, como secretario a Manuel Velasco Graña e como vicesecretaria a Victoria Alonso Crespo.
- Aprobar o regulamento de organización e funcionamento do Comité Intercentros da Universidade de Vigo.

Fdo: Federico Fenández Fernández
(Secretario en funcións)

VºBº: Arturo Casar Sarasola
(Presidente en funcións)

Fdo: Manuel Velasco Graña
(Secretario)

VºBº: Cándido Pérez Betanzos
(Presidente)